




**Sociedade Galega de Historia Natural**  
Delegación Local de Arousa  
Apartado de Correos n.º 303  
36600-VILAGARCIA de AROUSA  
(Pontevedra)

N.º 108/95  
SOCIEDADE GALEGA DE  
HISTORIA NATURAL  
DELEGACION LOCAL AROUSA  
ENTRADA   
SAIDA 8 10 NOV. 1995



Xosé Lois Rey Muñiz, en nome e representación da Delegación Local en Arousa da **SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (S.G.H.N.)**, con DNI n.º 35.451.163. Con enderezo a efectos de notificación no apartado de correos n.º 303, de Vilagarcía de Arousa; 36600 Pontevedra, en relación co Anteproxecto de Encoro de Caldas de Reis no río Umia (clave OH.136.306) presentado pola CPTOPV da Xunta de Galicia, plantexa as seguintes consideracións e alegacións.

### CONSIDERANDO:

I) A causa recoñecida para a construción do encoro, é o abastecemento de augas para a bisbarra do Salnés. Está hipotética solución, trata un problema que non é real, dado que consideramos que non existe un desabastecemento de auga desta bisbarra, senón un aproveitamento inadecuado. Ben artellados, serían suficientes os actuais recursos hídricos cos que se conta nesta bisbarra, tanto agora como nun futuro.

Resumidos serían:

- Revisión das canerías, por onde, (datos promediados) estímense unhas perdas do 30%.

- Inversión en educación. A xente, dada a facilidade de obter recursos hídricos con só abrir unha billa, despilfarra auga en cantidades inxentes. Sen renunciar ás comodidades, convén plantexar un uso racional, consumindo a imprescindible, nen máis nen menos.

- Construción de depósitos para a épocas de escasez. Os problemas de auga manifestante en vras secos, con poucas precipitacións e como moito, de un a dous meses, sendo as restriccións escasas, polo que cunha planificación de aforro

.../...



**Sociedade Galega de Historia Natural**

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA

(Pontevedra)

2

.../...

e depósitos para emerxencias, cubriríanse as necesidades dun xeito máis económico e racional.

II) Parte dos estudos realizados sobre impacto ambiental para este encoro resultan inaceptables, un somero vistazo ás descripcións de fauna, flora e ciclos de auga, demostran que a base deste estudio é doutra zona, nen tan sequera semellante á que nos interesa.

Non obstante, analizaranse os datos citados, para demostrar a súa inconsistencia.

III) Nas análises de impactos non se recollen a totalidade dos existentes, posto que a inundación da conca do río, asolagaría varias vivendas actualmente habitadas e que non se contemplan no proxecto.

IV) Indícase que se deixa aberto o uso de encoro para explotación hidroeléctrica, aínda que Galicia exporta case a metade da súa produción eléctrica. Convén definir se se vai usar ou non, o encoro, para este tipo de produción. Cremos que este vai se-lo principal uso do encoro no futuro.

VI) Non se contempla a incidencia nos bancos de marisqueo presentes na desembocadura do río Umia, na enseada do Umia-Ogrove, nen a influencia que a variación de caudal, cos seus aportes orgánicos puidera ter nos invertebrados que sustentan as cadeas tróficas da avifauna do Complexo intermareal Umia-Ogrove, incluída no Convenio internacional de zonas húmidas de RAMSAR.

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA

(Pontevedra)

3

.../...

### ALEGACIÓNS:

#### 1º) METODOLOXÍA DE TRABALLO E DATOS VARIOS

Non se especifican as canteiras que van ser usadas, tal como se indica na páxina 8 do Tomo II.

A forma da cunca foi calculada mediante o Coeficiente de Gravelius, un tipo deanálise criticado por Horton (Horton, citado por Río Barja & Rodríguez Lestegás, 1992, páx. 5), dado que dúas cuncas poden ter forma similar, logo igual índice, pero tendo as escorrenterías en zonas distintas, polo tanto comportamentos hídricos dispares.

Considerando o exposto dunha capacidade de retención de 6,28 Hm<sup>3</sup>, caso dunha riada, que segundo a máxima estimada polo proxecto sería de 459,31 m<sup>3</sup>/s durante 10 horas, conleva un volume de 16,5 Hm<sup>3</sup>, co que este encoro se vería colapsado, podendo derrubarse co conseguinte perigo para a poboación de Caldas de Reis, arrastre de terras, etc.

O caudal mínimo indicado é de 2,6 Hm<sup>3</sup> ó mes, pero no vrao o Umia desauga 1,71 e 1,85 Hm<sup>3</sup> en agosto e setembro respectivamente, polo que na época de suposta necesidade de auga esta iríase polo río, sendo inútil o encoro.

O estudio edafolóxico é contradictorio. Determinanse solos de tipo ranker húmido e logo falase de solos dominantes os de horizonte Cábico, curiosamente nun tal encoro de Sanlúcar (Huelva).

#### 2º) FLORA

Recoñécese que o cauce está colonizado por grandes zonas de bosques ripícolas, unha formación en acelerado retroceso debido, entre outros, a obras do tipo aquí comentado. A

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA  
(Pontevedra)

4

.../...

presencia destas formacións noutras áreas, emprégase como argumento para prescindir desta. Este tipo de argumento e a falla de recoñecemento desta formación ecotónica, de notable interese faunístico, paisaxístico e de mantemento e conservación das ribeiras, propícialle un declive acelerado con nefastas consecuencias para os ríos, e que ademais favorece ás riadas.

Algunha das especies mencionadas para corrixir impactos visuais e similares, son inadecuadas, caso da aciñeira (*Quercus ilex*). Outras descripcións da flora son, cando menos, floxas, incompletas, nomeándose como especies dominantes a unhas con presenza puntual.

### 3º) FAUNA

A pesar de indicar a non existencia de endemismos, nunha somera prospección detectouse a *Carabus galicianus* (Col. Carabidae), endemismo lusitánico, presente e asociado a correntes de auga, neste caso na zona onde se proxecta o encoro. Igualmente apareceu unha especie de Cerambícido, *Leiopus nebulosus*, ampliando notablemente a súa distribución ibérica, sendo a única localidade do noroeste peninsular onde se detectou ata o momento. Outro endemismo do noroeste peninsular, aquí presente, é o réptil *Podarcis bocagei*.

En referencia a non necesidade de escada para peixes no encoro, ó construír este, illaríase unha zona do río, co conseguinte deterioro xenético da ictiofauna e moi probablemente desaparición desta.

O estudio faunístico é sorprendente, cabendo dúas opcións.

a) Falso dadas as especies enunciadas.

.../...



**Sociedade Galega de Historia Natural**

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA  
(Pontevedra)

5

.../...

b) Verdadeiro, co cal a zona débese considerar unha illa ecolóxica dun valor tan extraordinario, que representa a distribución noroccidental mundial para especies como ó abutre cincento (*Aegypius monachus*) e a aguia imperial ibérica (*Aquila adalberti*), aparte dunha riqueza en aves rapaces inusitada, en pouco espaciao conviven aguia caudal (*Hieraëtus pennatus*), aguia albela (*Circaetus gallicus*), aguia real (*Aquila chrysaetus*), gatafornela (*Circus cyaneus*), rapiña cincenta (*Circus pygargus*), miñato real (*Milvus milvus*), miñato queimado (*Milvus migrans*), bufo (*Bubo bubo*), así como outras rapaces. Todas elas catalogadas en perigo de extinción ou de interese especial polo Real Decreto 439/1990, polo tanto son falsas as indicacións que ningunha especie da zona está contemplada de perigo de extinción por este RD, tal como se indica no anteproxecto, pois a aguia imperial si o está, e ven recollida polo anteproxecto.

O esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) atopa o límite norte peninsular e mundial, así como a cobra de cogulla (*Macroprotodon cucullatus*).

O torcecuello tamén atopan aquí o seu límite noribérico, aínda que non é menos destacable a aparición dunha nova colonia de rabilargo, este novo núcleo poboacional vense a sumar o existente en China e zona sudoeste peninsular.

As propostas de recuperación da fauna volven demostrar que se estaba pensando noutra zona que non corresponde co río Umia, especialmente cando se describe o favorecemento de áreas de nidificación de ardeidas, as cales non crían en Galicia.

Por outra banda non se citan as especies contempladas polo Real Decreto 439/1990 que se enuncian. Só se indican, como exemplo, as máis suliñables e en aves algunha das que crían,

.../...



**Sociedade Galega de Historia Natural**

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA

(Pontevedra)

6

.../...

habendo outras presentes e niñificantes, pero non se inclúen por non ser obxecto destas alegacións unha relación sistemática.

*Triturus boscai* Limpafontes común.

*Discoglossus galganoi* Sapo raxado.

*Podarcis bocagei* Lagartixa galega.

*Natrix maura* Cobra de auga

*Erithacus rubecula* Paporroibo.

*Saxicola torquata* Chasca

*Galemys pyrenaicus* auganeira

En relación co Convenio de Berna (BOE 235 de 1 de outubro de 1986, enmenda no BOE 225 do 19 de setembro de 1990), tamén están presentes bastantes especies recollidas polo citado convenio.

Especies estritamente protexidas (non se sistematiza tódalas presentes)

*Galemys pyrenaicus* auganeira

Tódalas especies de Microchiroptera (excepto *P. pipistrellus* incluída no anexo III -protexidas-).

*Lutra lutra* Londra.

*Upupa epops* bubela.

.../...



.../...

#### 4º) PAISAXE

As consideracións da paisaxe, recoñecen unha forte singularidade, alomenos nunha das zonas estudadas, indicando no estudio de Impacto Ambiental, un nivel de protección cinco, o máximo dentro dos parámetros contemplados polo propio estudio. Aparte deste recoñecemento e valoracións, só se indican unhas escasas notas xerais e globais sobre o que se debería facer: repor vexetación, camuflar os impactos...

Tomando como base as recomendacións das Guías metodolóxicas para la elaboración de estudos de impacto ambiental del MOPTMA, non se indican as fluctuacións de nivel de auga e polo tanto as bandas de eriais que se divisarían ó longo encoro, desaparición das ripisilvas, vías de comunicación, etc., que contempladas noutros apartados do informe, aquí non se establecen medidas correctoras concretas, salvo vaguidades que non deixan de ser meras declaracións de principios, non entrando a examinar nen concretar impacto inducido/corrección, o cal debería se-lo obxectivo deste apartado.

Na análise das repercusión paisaxísticas, cando se describen as unidades, falase da ribeira do Guadiana, independentemente que se diga que se trata dun "erro", non o podemos aceptar dados os múltiples "erros" que indican que o estudio. Alomenos nunha boa parte foi realizado en base a outra zona allea á que nos interesa.

#### 5º) EROSIÓN

Dentro dos procesos naturais, considérase neste estudio, á erosión como un proceso carente de importancia, a pesares de recoñecer o problema erosivo que representan os incendios

.../...



.../...

forestais, unha mostra da gravidade da erosión no río, é o acúmulo de áridos, observable nos lombos de area formados á altura da toma de auga de Vilagarcía, aparte dun presumible diminución do fondo ó longo do río (axudado pola tala da ripisilva ordeada pola CPTOPV hai un anos).

Polo indicado, é presumible que o encoro sufra un proceso de colmatación, en maior ou menor entidade, pero presente e que debe ser cuantificado correctamente.

#### 6ª) EUTROFIZACIÓN E CALIDADE DE AUGAS

A CPTOPV reconece na conca do río Umia como zona de risco por contaminación por puríns, aparte a analítica das augas aparecen catións como chumbo, se lle engadimos:

- Contaminación filtrada de casas particulares.
- Industrias.
- Abonos químicos, etc.
- Nutrintes orgánicos aportados polos restos vexetais procedentes do monte e arrastrados pola chuvia. As bacterias actúan sobre isto consumindo e reducindo o osixeno dispoñible.
- Estancamento das augas polo encoro, que conleva unha diminución do osixeno disolto, por redución da aireación e incremento das temperaturas.
- Diminución da vexetación de ripisilva, basicamente constituída por *Alnus glutinosa*, un recoñecido fixador de nitróxeno.
- Incremento da insolación, favorecendo a produción de plantas.

Con todo elo prodúcense as condicións necesarias para procesos de eutrofización, baixada da calidade de augas, posibles cambios de pH, (precipitación de sales), etc.

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA  
(Pontevedra)

9

.../...

Dentro das medidas correctoras contempladas, especificase o "control" de vertidos á auga a posteriori, é dicir, cando non teñen solución.

A medida indicada para renovar zonas de auga e limpa-lo fondo de limos é contraproducente, dado que a abertura dos desaugues, para limpar limos, implica a suspensión destes, provocando unha turbidez que afecta claramente ás especies animais inmersas na auga, esencialmente peixes, insectos, postas de anfibios e alevíns, presas doutros organismos superiores nas cadeas tróficas (londra, desmán, merlo acuático, aves insectívoras...)

O recheo e drenaxe das beiras do encoro, implican varios efectos.

- Unha nova agresión paisaxística, cunha uniformización das beiras da balsa de auga.

- A non estabilización de novas sucesións vexetais, ó eliminar sistematicamente as zonas pantanosas que se puideran formar (un criterio obsoleto).

O uso de pesticidas, por pretendidamente inocuos que sexan, merman ou destrúen a cadea trófica cerca da base, ó eliminar insectos e outros invertebrados, sustento do resto das especies animais. Os movementos do nivel de auga, uso de pesticidas e herbicidas, son medios non selectivos, que requiriran un gasto continuo tódolos anos, producindo un empobrecemento do medio aínda maior co do encoro en si e unha contaminación das augas.

### 7º) ESTRUCTURA ECONÓMICA

Os datos son contradictorios, na descripción de actividades económicas reconece unha dedicación do 42,5% no

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA

(Pontevedra)

10

.../...

sector primario, pero nun cadro sinóptico posterior só lle recoñecese o 7,6%, cuestión dificilmente explicable. Destacamos as seguintes incongruencias:

- As taxas de poboación activa para os tres concellos estudados, por idades, son iguais ata a décima, unha coincidencia improbable.
- As taxas de poboación por sectores, para os tres concellos estudados, son iguais ata a décima, outra coincidencia cando menos curiosa.
- As taxas de poboación por sectores, segundo a páxina onde se mire, son distintas, varía o sector primario do 42,5% ó 7,6%, apreciándose na suma de sectores o 132,2%, algo imposible.

Entre as vantaxes positivas que se expoñen por parte do anteproxecto, sinálanse:

- Facilidade de asentamentos humanos. Agora nada o impide, pero co encoro, os efectos de neboeiros e similares pode retraer esta posibilidade, que por outra banda tampouco é especialmente necesaria, dada a cantidade de núcleos de poboación de Galicia, máis da metade do estado e que conleva problemas para o artellamento das estruturas viarias, comunicación, electricidade, etc.
- Reducción de perigos de riadas. O propio proxecto recoñece que o encoro pouco pode facer neste tema.
- Abaratamento do auga: nesta zona non existe este problema, no Salnés o problema de escasez é puntual nalgúns anos, cunha axeitada política de uso racional o problema non existiría.
- Mercado de terreos: Plantéxase un incremento deste mercado, que se ben puidera parecer positivo, globalmente en Galicia, e esta zona non é unha excepción, os terreos sobrevalóranse

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA  
(Pontevedra)

11

.../...

respecto á media doutras rexións. Economicamente, na hipótese dunha maior demanda, puidera producirse o efecto contrario no movemento mercantil, ó conquistar prezos aínda máis altos.

- Afluencia turística: Mediante a remodelación da área de Pontenova e creación dunha nova. Este tipo de actuación, xeralmente é agresiva coa conservación do medio, aquí cun grao bastante aceptable. Un medio que se conservase a riqueza e variedade ambiental podería ser mellor explotado, como unha gran zona con sendeiros polo río (xa existentes), pesca fluvial (distinta á proposta nun encoro), pequenas áreas de descanso, pero como complemento á industria hoteleira dos concellos da zona, como oferta de descanso.

A explotación cun turismo agresivo, con zonas "remodeladas" e adaptadas á comodidade da xente, hipoteca que nun futuro poidase desenrolar outros turismos, máis productivos economicamente e respetuosos co medio.

### 8º) USOS DO SOLO

Neste eido destacar a inconcreción do exposto, ademais seguindo o texto fanse unhas indicacións, caso dos principais cultivos, que logo non aparecen recollidas.

### 9º) MICROCLIMA

No propio estudio reconécese o incremento de neboeiros, humidade, cambio das temperaturas, reducindo os extremos, etc. localmente pode aparecer unha variación da vexetación e alterar os cultivos. Fierros (Braña 1994) estima que debido ó encoro de Velle (Ourense), diminúe do 10 ó 15% da radiación solar, este encoro é máis cativo, pero tamén a área de influencia, polo que ambos factores equilíbranse, elo implica unha

.../...



**Sociedade Galega de Historia Natural**

Delegación Local de Arousa

Apartado de Correos n.º 303

36600-VILAGARCIA de AROUSA

(Pontevedra)

12

.../...

reducción da produtividade en xeral e en especial en especies amantes do calor como as vides. O incremento de humidade, aparte de fomentar plagas de fungos, pode carrexar problemas de saúde para as persoas asmáticas e reumáticas, efectos estes non contemplados polo anteproxecto.

Sobre o estudio das variacións da temperatura do auga, sorprende que se contemple a posible conxelación da superficie e manter temperaturas de 4º C en primavera e outono, nunha zona con mínimas medias no mes máis frío (xaneiro) de 8,6º C. Dado os anteriores erros e a clara manipulación do estudio, ignoramos se corresponde a un erro de transcripción ou similar.


**SOLICÍATASE:**

- Que dada a negligente e burda realización do Estudio de Impacto Ambiental, é necesario redactar outro no que se constate a realidade do existente, non unha fotocopia manipulada doutro proxecto.

- Que dada a evidente agresión medioambiental e social suspendase a realización deste proxecto.

Vilagarcía de Arousa, a trinta de santos de mil novecentos noventa e cinco.

O Delegado de SGHN-Arousa.



Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA.